



## CONCELLO DE ARES ( A CORUÑA )

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



### ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA POLO CONCELLO PLENO O DÍA 26 DE XULLO DE 2007

<u>Sres. Asistentes.</u> <u>Sr. Alcalde:</u> D. Julio Ignacio Iglesias Redondo <u>Sres. Concelleiros:</u> Dn. José Juan Vilasánchez Pazos. Dna M <sup>a</sup> Victoria Montenegro Paz Dna Ana M <sup>a</sup> Fernandez Coira Dn. José Salvador Ferreiro Montenegro. Dn. Manuel Rodríguez Doval. Dna Belén Abeal Pérez Dn. José Manuel Cendán Fernández. Dn. Francisco José Lage Echevarría. Dna Mercedes Grande Regueiro. Dn. Fernando Otero Prieto. Dna Josefina Martínez Martínez Dn. Luís Cendán Fernández.  <u>Sr. Secretario:</u> D. Manuel Larrosa Rodríguez.	No Salón de Sesións da Casa Consistorial do Concello de Ares, sendo as doce horas e cinco minutos do día 26 de xullo de dous mil sete, previa convocatoria e citación ó efecto, réunese o Concello Pleno en sesión ordinaria e primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente D. Julio Ignacio Iglesias Redondo, con asistencia dos Sres. Concelleiros que ó marxe se relacionan, actúa como Secretario o que o é desta Corporación D. Manuel Larrosa Rodríguez.
---	--

Aberta a sesión pola Presidencia, entrase no estudo e discusión dos asuntos incluídos na Orde do Día, adoptándose polo Concello Pleno os seguintes acordos:

#### Punto núm. 1.- APROBACIÓN SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN DO DÍA 22 DE XUÑO DE 2007.

Sometida a votación a acta da sesión plenaria correspondente ao 22-06-07, o Pleno do Concello acorda por unanimidade prestarlle a súa aprobación.

#### Punto núm. 2.- RATIFICACIÓN ACORDO ALCALDÍA APROBACIÓN OBRA A INCLUIR NO PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007: ACONDICIONAMENTO ENTORNO IGREXA SAN XOSÉ

Vista a Resolución da Alcaldía de 30-04-07 do seguinte teor literal:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Visto o Plan de Cooperación Provincial 2007 da Excm. Deputación Provincial de A Coruña cujas bases publicáronse no B.O.P. núm. 84, do 13 de abril de 2007,

Pola presente dado de que o tema quedou sobre a mesa na sesión Plenaria do día 28-04-07, e á vista da perentoriedade dos prazos ao rematar no día de hoxe, **VEÑO EN RESOLVER :**



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



1. "Aprobar o **PLAN DE COOPERACIÓN PROVINCIAL (PCP) 2007** cuxas Bases se coñecen e aceptan na súa totalidade e no que se recollen os investimentos que o Concello ten previsto realizar no PCP 2007, de acordo co financiamento que se indica:

Denominación do investimento	Deputación	Concello	Presuposto
Acondicionamento do entorno da Igrexa parroquial de San Xosé (Ares)	€. 152.223,96	-----	€. 152.223,96
<b>TOTAIS</b>	€. 152.223,96	-----	€. 152.223,96

2. Aprobar o proxecto dos investimentos incluídos na anualidade 2007 que se relacionan no punto anterior.

3. Aprobar o Plan complementario do ano 2007 no que se inclúen os investimentos que a continuación se indican, para ser financiados cos remanentes que se poidan xerar polas baixas de licitación dos investimentos ou pola súa anulación, de xeito que a súa aprobación definitiva queda condicionada a que efectivamente se produzan:

Denominación do investimento	Presuposto
Melloras da iluminación na Rúa Real e na Rúa María	47.657,97 €.
<b>TOTAIS</b>	47.657,97 €.

4. Declarar que o Concello dispón dos terreos, augas e servidumes para a execución dos investimentos, e que ten resolto o relacionado coas concesións e autorizacións administrativas que legalmente sexan necesarias.

5. No caso de existir achega municipal, comprometerse o Concello a incluír no orzamento municipal do 2007 os fondos necesarios para facer fronte á achega municipal dos investimentos incluídos na anualidade do 2007.

6. Solicitar á Excm. Deputación Provincial da Coruña, a delegación neste Concello da contratación e execución dos investimentos incluídos no plan, que se entenderá aceptada si ésta se produce efectivamente.

7. Autorizar á Deputación a obter as certificacións da Axencia Estatal da Administración Tributaria e da Tesourería da Seguridade Social nas que se acredite que o concello estea ao corrente nas súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social.

8. Da presente resolución darase conta ao Pleno do Concello na primeira sesión que celebre para a súa ratificación se procede.

Así o acordo e dispoño, en Ares, o día 30 de abril do ano dous mil sete.

O Alcalde,

Asdo. José Manuel Cendán Fernández"



## CONCELLO DE ARES ( A CORUÑA )

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



O Sr Alcalde expón que se trata dunha obra que procede do anterior equipo de goberno.

Seguidamente pide palabra o Sr Manuel Cendán Fernández, o cal manifesta que esta obra non pudo ser incluída no POS 2006 e a solicitude de Patrimonio se fixeron rectificacións en relación co empedrado. Dado que a obra non tiña cabida por cuestións de Patrimonio no POS 2006 quedou e aproveitando este Plan de 150.000 € e dado que ademáis lle correspondía esta obra a Ares, decidiu incluíla no PCP 2007. Lembra que a principios de ano quedou en minoría e non foi adiante a obra, e ademáis o BNG pedía unha actuación integral do saneamento de Ares que na súa contía pasaba dos 1500 millóns de pesetas. Lembra tamén que os tráfugas pedían a auga a Cervás e o amaño da torre do reloxo. Todo o mundo se fixo o despistado. Ante a situación púxeme en contacto coa Deputación, na que me informaron de que se perdían os cartos. Alégrome desta postura de responsabilidade do novo equipo de goberno, pois unha cousa é ser responsable e outra irresponsable.

A continuación intervén o Sr Rodríguez Doval que manifesta que no Pleno do 28 de abril defendeu unha alternativa que era o saneamento de Ares, e insiste que non fora consensuada a proposta que se levaba a Pleno, e así pasou que a proposta contou cun só voto: o do Alcalde.

En segundo lugar insiste en que a obra proposta non era prioritaria e en cambio a súa proposta de renovación da rede de saneamento do casco urbán de Ares, aínda que teña unha contía moi elevada, pode ser levada a cabo por fases.

En terceiro lugar recalca que aínda está sen solventar o problema da autorización de Patrimonio: non hai informe de Patrimonio, e así consta a advertencia do Sr Secretario. O BNG está de acordo en pedir unha prórroga e que non se perdan os cartos. Insiste en que non se fixo nada e o tema volve agora tal e como veu no seu día e pasaron tres meses, cando nunha semá se redacta un proxecto. Estima que non se cumpríu o acordo plenario e manifesta que a nós non nos gusta a política de perder cartos e ademáis é coñecedor de que hai máis concellos nesta situación, que tamén queren propoñer un cambio de obra. Insiste en que se faga unha primeira fase de renovación da rede ou outra alternativa prioritaria.

Concedida a palabra ao Sr Luís Cendán Fernández, explica que esta obra foi unha obra que levou o Alcalde unilateralmente, igual que como vai a pasar co seguinte punto. Manifesta que non houbo tráfugas; non houbo negociación nin consenso. A obra como case tódalas obras a veríamos beneficiosa pero coa incorporación do reloxo, e recorda que hai un informe do Sr Secretario advertindo da necesidade de autorización de Patrimonio. Estima que vamos ter que asumir-la proposta e conseguintemente anuncia que vai votar favorablemente, e insiste que rexeita as acusacións de transfugismo, que ditas acusacións non son reais, e insiste en que vai votar si.

A continuación o Sr Manuel Cendán Fernández, expón que é mentira que non se negociase coa Deputación. E considera que o feito de que a nova Corporación tome a decisión de retomalo é positivo. Non descalifica a ninguén, pois tráfuga é unha verba en castelán e non é un insulto. En Ares se lles chamaba esquiroles. Esa é a verba correcta. En relación con Patrimonio expón que no segundo proxecto reformado fixemos o que nos mandou Patrimonio e recomenda ao Alcalde que asista a Patrimonio acompañado dos Técnicos.

Resposta o Sr. Luís Cendán Fernández que non vai discutir o que é ou non un tráfuga. Insiste en que non houbo transfugismo e o Alcalde baixo a súa responsabilidade cesou a cinco Concelleiros sen explicacións.

O Sr Rodríguez Doval non sabe se o Sr Manuel Cendán segue de baixa, enfermo non o vexo.

O Sr Manuel Cendán lle dí que non me falte ao respeito, non llo consinto.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



De Seguido, o Sr Rodríguez Doval expón que non sabe se o Sr Manuel Cendán segue cobrando do erario público e pídlle educación, e insiste que estamos debatindo sobre un acordo de data 28 de abril, do que xa pasaron tres meses. Eu teño información da Deputación e non hai constancia de consultas, tendo coñecemento de que hai máis Concellos que queren cambiar as obras. Os informes son preceptivos e o de Patrimonio non existe e volve a resaltar que o Sr. Secretario no seu informe dí que precisase informe preceptivo e vinculante de Patrimonio. Se non o hai estamos igual que antes, por falla de xestión.

A continuación o Sr Alcalde explica que non modera e que da liberdade aos membros da Corporación pola súa función universitaria, na que admite sempre a liberdade de expresión, pensa intervir o menos posible. Insiste en que ninguén debe ser limitado no uso da palabra. Salvo situacións excepcionais non pensa intervir, e serán os membros da Corporación os que deberán medir o tono das súas intervencións. En relación coa proposta ésta non é unha obra que queira este equipo de goberno, e recorda que ven doutro equipo de goberno, e sinala que falou co Presidente da Deputación e seguindo o seu sabio consello, retomou esta obra para que siga adiante, posto que estamos a piques de perder a inversión. Recorda que na Xunta de Voceiros se cumpríu a previsión dun consenso maioritario e reconece que é un proxecto necesario aínda cando haxa unha necesidade apremiante de renovación da rede de saneamento. En relación con Patrimonio fixen xestións con coñecidos e a tal efecto hai correccións que se fixeron para obter unha aprobación de Patrimonio e insiste en que hai un serio risco de perder os cartos segundo lle manifestou o Presidente da Deputación. Finaliza expoñendo que eu pedín o informe de Patrimonio.

O Sr Rodríguez Doval expón que houbo unhas eleccións e si se cambiou foi para non seguir igual.

Resposta o Sr Alcalde que houbo transparencia e como Alcalde non quero asumi-la responsabilidade de que este Concello perda 25 millóns de ptas.

Considerando a Alcaldía suficientemente debatido o asunto, somete a votación acordando o Pleno do Concello por maioría de 11 votos a favor (5 PSdeG-PSOE, 5 PP, 1 NAL) e 2 abstencións (BNG), ratificar a resolución da Alcaldía ao principio transcrita.

### **Punto núm. 3.- RATIFICACIÓN ACORDO ALCALDÍA DE 16 DE MAIO DE 2007: PROGRAMA ESTRATÉXICO NO MEDIO RURAL (PEIM RURAL) 2007**

Vista a resolución da Alcaldía de 16 de maio de 2007 do seguinte teor literal:

#### “RESOLUCIÓN DA ALCALDÍA

Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural) 2007.

Vista a notificación da Consellería do Medio Rural de 7 de maio de 2007 comunicando que a mesma está en condicións de asumir con cargo aos seus orzamentos obras de infraestrutura rural dentro do “Programa Estratéxico de Infraestruturas no Medio Rural (PEIM Rural) no ano 2007, sendo a actuación que se realizaría íntegramente con cargo ao orzamento da Consellería : Dotación de abastecemento, saneamento, pluviais e asfaltado do camiño de Prados Vello na parroquia de San Xosé, por un importe aproximado de 64.873,49 €.

Na súa virtude e como acto previo á sinatura do convenio, o Concello de Ares ante a notificación efectuada pola Consellería do medio Rural, de realizar con cargo aos orzamentos as obras de



## CONCELLO DE ARES ( A CORUÑA )

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



infraestrutura rural consistentes en dotación de abastecemento, saneamento, pluviais e asfaltado do camiño de Prados Vellos na parroquia de San Xosé, manifesta a súa aceptación á execución da mesma en réxime de cooperación e comprométese a:

### **Primeiro.-**

- Poñer a disposición da Consellería do medio Rural, libre de cargas e gravames todos os terreos necesarios para a normal execución das obras, así como os correspondentes permisos e autorizacións necesarias para levar adiante a mesma.
- Renunciar a calquera clase de tributo ou taxa por mor das obras.
- Continuar asumindo, despois da recepción das obras e previa comunicación do órgano da Comunidade Autónoma, a súa explotación, mantemento e conservación.
- Facúltase ao Alcalde-Presidente para a sinatura do correspondente Convenio de Cooperación.

### **Segundo.-**

- Do presente acordo daráse conta ao Pleno do Concello para a súa ratificación.”

Aberto o turno de intervencións comeza o Sr Alcalde expoñendo que esta proposta ven da anterior Corporación. É público e notorio que estamos procedendo a unha actuación importante no Campo de Fútbol e todos queremos un bon Campo de Fútbol e nese senso contéplanse uns accesos dignos.

Seguidamente o Sr Manuel Cendán Fernández explica que dende o ano 2006 tiñamos por parte da Xunta unhas inversións en zona rural que deron lugar a un pequeno conflito. Houbo un contencioso por medio e a Delegada da Consellería pedíume a retirada do contencioso a cambio da súa palabra de facer obras, entre elas, ésta. A Delegada lle propuxo que se lle enviaba un proxecto por 64.000 € llo facía. A idea foi propoñer esta obra para adecentar os accesos ao Campo de Fútbol, e parécelle recordar que tamén estaba incluído o abastecemento de auga.

A continuación o Sr Rodríguez Doval expón que nós dixemos que non se fose ao Xulgado Contencioso Administrativo e se iniciasen negociacións, pois as obras que se propuxeran non estaban na zoa rural. Recoñece que a revisión levou a obter máis cartos dos que inicialmente estaban previstos e insiste en que dende o seu punto de vista non deben entrar na proposta obras que non sexan de carácter rural. Lamenta que veñan con retraso. Insiste en que estas obras entran no perfil da nosa proposta e a mesma pudo ter sido levada a Pleno no seu intre.

O Sr Luís Cendán Fernández manifesta que esta obra en canto ao procedemento foi igual que a anterior e recalca que non está en contra de ningunha obra, nembargantes advirte que vamos ter un problema: veciños afectados. En consecuencia, vóume abster por reserva de ocupación e pide que se resolva cos veciños o problema de mellor maneira.

Sinala que esta obra non foi a debate.

A continuación o Sr Alcalde dí que efectivamente hai dous camiños que non son municipais pero nembargantes xa se falou cun deles e co outro falaremos cun familiar. Agardamos solventar o problema. Con D. José M<sup>a</sup> Pena, xa está solucionado o problema, falta tratar co Sr Leopoldo.

O Sr Manuel Cendán Fernández, manifesta que se falou con tódolos veciños e algúns entenden que os camiños son particulares. Matiza que non se podería ter dado Licenzas de Obra senón fosen públicos.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



Finalmente intervén o Sr Luís Cendán expoñendo que para os desbroces xa tiñan problemas. Nembargantes, si se soluciona, mellor. Lembra que D. José M<sup>a</sup> Pena, veu preocupado e pedía a descatalogación de algo que non está incluído no Inventario e a través de D. Pedro creemos que o vamos poder solventar o tema.

Sometida a votación a ratificación, o Pleno do Concello acorda por maioría de 12 votos a favor do P.SdeG-P.S.O.E. (5), P.P. (5) e B.N.G. (2), e 1 abstención (Nova Alianza) ratificar dita resolución.

### **Punto núm. 4.- DAR CONTA DA FIRMEZA DA SENTENCIA DO T.S.X.G. DE 29-11-2006.**

Solicita a palabra o Sr Rodríguez Doval manifestando que quere intervir en cada unha das sentencias das que se vai dar conta pois estamos falando de 8 anos do goberno máis conflictivo que houbo.

Resposta o Sr Alcalde que se expoñen e vaise intervindo.

O Sr Rodríguez Doval pregunta se ¿ha lugar a debate?, pois entende que non procede.

O Sr Alcalde manifesta que entende que se queira facer uso da palabra. Outra cousa é que mereza unha contestación, en todo caso que as intervencións non sexan excesivas.

Remata o Sr Rodríguez Doval dicindo que non vai intervir.

Dase conta do escrito de 13-02-07 da Sala do Contencioso Administrativo do T.S.X.G. pola que se declara firme a sentenza de dito Tribunal de 21 de decembro de 2006, pola que se desestima o Recurso Contencioso Administrativo interposto por Dn Eduardo Morgade Carnero contra a desestimación por silencio polo Concello de Ares da solicitude formulada polo recurrente o 23-08-2002, relativa a rectificación de erros dos planos de ordenación do PXOM, así como tamén desestimación por silencio da solicitude de concesión de licenza provisional para peche de postes e alambrada.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

### **Punto núm. 5.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO T.S.X.G. DE 22-02-2007**

Dase conta da sentenza da sala do Contencioso-Administrativo do T.S.X.G. de 22-02-07, cuio fallo establece: que rexeitando as alegacións de inadmisibilidade plantexadas, estimamos en parte o recurso contencioso-administrativo interposto por Vicente García Cardamas, contra acordo do Pleno do Concello de Ares de 22-11-01, indicado no fundamento de dereito primeiro desta sentenza que en consecuencia anulamos parcialmente dito acordo no extremo relativo á modificación número 1 sobre supresión dun vial do Sistema Xeral Viario e trazado dun novo vial tipo 2; con desestimación das restantes pretensións sen facer especial condeza en costas

O Concello Pleno acorda darse por enterado.



## CONCELLO DE ARES ( A CORUÑA )

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



### **Punto núm. 6.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM 1 DE FERROL DE 18-06-07.**

Previa rectificación do erro, no senso de que a sentenza de que se da conta é do Tribunal Supremo de 20-03-2007, dase conta do fallo de dita sentenza que dí: que debemos declarar e declaramos non haber lugar ao recurso de casación interporto pola Igrexa Evangélica de Ares, contra sentenza dictada en grao de apelación pola sección 2ª de A Coruña, con data 02-05-1997. Con condea en costas para a recurrente e perda do depósito constituído. Comuníquese esta resolución á mencionada Audiencia con devolución dos Autos e Rollo que remitíu.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

### **Punto núm. 7.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO DO SOCIAL DE 25-05-07**

Dase conta da sentenza do Xulgado do Social núm 2 de Ferrol de 25-05-07, a cal no fallo sinala:

Estimo a demanda formulada por Dna Concepción Arias Fuentes, contra Concello de Ares, a quen condeo a que abone á aquela os 73 € reclamados.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

### **Punto núm. 8.- DAR CONTA DA PROVIDENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM 1 DE FERROL DE 18-06-07.**

Dase conta da providencia do Xulgado Contencioso-Administrativo núm 1 de Ferrol de data 18-06-07, en relación ao procedemento: Dereitos Fundamentais 158/5, (demandante Margarita Piñeiro Cartelle) e acorda:

Primeiro.- A Solicitante “fai caso omiso” (Términos da solicitude, aquí sí) do resolto por este Xulgado e polo Tribunal Superior. No ha lugar

Segundo.- Estése ao acordado na sentenza de apelación.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

### **Punto núm. 9.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM 2 DE A CORUÑA DE 29-06-07.**

Dase conta da Sentencia do Xulgado Contencioso Administrativo núm 2 de A Coruña de 29-06-07 (Demandante: Margarita Piñeiro Cartelle, contra Inspección de Traballo e Seguridade Social de A Coruña) cuio fallo establece: que desestimando as pretensións deducidas no presente recurso contencioso-administrativo, debo declarar e declaro a conformidade a dereito dos actos administrativos recurridos, por tanto debo confirmar sen efectuar expresa condea respecto das costas procesais.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



### **Punto núm. 10.- DAR CONTA DA SENTENCIA DO XULGADO CONTENCIOSO ADMINISTRATIVO NUM 1 DE FERROL DE 03-07-07.**

Dase conta da Sentencia do Xulgado Contencioso-Administrativo núm 1 de Ferrol de 03-07-07, cuio fallo establece: desestimo o recurso contencioso-administrativo interposto pola procuradora Dña Carolina Fernandez Díaz, en nome e representación de D. José María Cendán Díaz e Manuela Eugenia Allegue León, en relación coa desestimación presunta polo Concello de Ares de reclamación de responsabilidade patrimonial formulada en escrito de data 16-06-2004, e declaro que o acto é conforme a dereito; sen imposición das costas.

O Concello Pleno acorda darse por enterado.

A continuación pide a palabra o Sr Manuel Cendán Fernández e manifesta que o BNG acusou a esta Alcaldía de facer cafradas. Lembra que todo empezou cunha voda civil e recorda que esta parella veu aquí, pois en Ferrol, os Sábados non casan. Pedían dous anos de residencia e lles faltaban nove meses. Fun a tomar café e a Secretaria do Xulgado polo camiño comunicoume que non había problema para a voda, e non se me dixo que non podía escribir no libro. Logo entereime que me iban meter no cárcere e a posterioridade saín a nivel galego e recordo que falei co abogado, informándome éste que no Xulgado non había nada e que o Fiscal tampouco sabía nada. Falei co periodista e éste manifestoume que non sabía que era a Sra do Sr Doval e logo a denuncia foi presentada trece días despois. O xuíz arquivou o asunto e un ano e medio despois volve a denunciarme esta Sra. Eu sempre tiven peticións dela e accedía a elas, e o sabe o anterior Alcalde.

Lembra que estaba o Salón de Sesiões en obras e díxolle ao alguacil que lle comunicase á secretaria do Xulgado que iríamos alí facer o Pleno, e non nos deixou, nos puxo problemas. Incide a sentenza: *esta Sra tiña utilizado o cargo en beneficio do voceiro do BNG, e ou ben se xustifica a idoneidade da nova persoa ou se repón a anterior.* Isto non o puideron facer por estar en minoría, pensando que fose a nova Corporación a que fixera o que quixera pois se entende que é unha persoa para un posto de confianza.

Recalca que a alta na Seguridade Social de dita Sra foi anulada e que en todo caso no novo nomeamento da Secretaria do Xulgado de Paz, non motivou a idoneidade.

En relación ao convenio co Sr Piñón, non puxemos un duro, e como dí a sentenza, o convenio foi feito correctamente. En relación ao vial, pasou que os técnicos non xustificaron a financiación para a execución e en todo caso o saneamento da ría vai por ese trazado.

En relación ao cemiterio, é un tema delicado e consta que o cemiterio é civil, e no ano 1926 se venderon dous nichos á familia Varela. Isto trouxo problemas e considera que non se debe caer na crispación e loitas que non están superadas.

Sobre a morte do rapaz que caera da moto, un ano despois do lamentable suceso, a raíz do cambio da circulación se puxo unha demanda e houbo un intento de cobrar por parte da familia.

Sobre o Sr Morgade Carnero: esta sentenza ratifica que a parcela non é edificable e este Sr quería coller parte de terreo municipal. Lembra que tiña a irmá como concelleira á que lle explicou todo, e encontreime que un día chamoume e díxome que ou lle daba licencia ao seu irmán ou me retiraba o apoio. Nestes feitos apoiouse o BNG, e se reuniu no local do BNG con eles cando hoxe en día polo pacto antrifraguismo eso está castigado. Revocáronlle moitos acordos e doleume



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



moito pois no seu día como fai uns días, xuramos respetar as leis. A xustiza agora nos da a razón de cousas que fixemos no seu día.

En canto á Sra Arias tomamos esa determinación posto que nun intre chegaron a ser nove as baixas no Concello e era necesario frear dito proceso, había agravios e danlle a razón en base ao Convenio do Persoal Laboral do ano 2006, cando a medida foi anterior.

Finalmente o Sr Alcalde expón que calquera veciño pode pedir a palabra logo de que fale o voceiro.

### CONTROL E FISCALIZACIÓN DOS ÓRGANOS DE GOBERNO.

#### Punto núm. 11.- DAR CONTA DAS RESOLUCIÓNS DICTADAS POLA ALCALDÍA-PRESIDENCIA DENDE A CELEBRACIÓN DA ANTERIOR SESIÓN ORDINARIA.-

Dada conta das Resolucións Dictadas pola Alcaldía Presidencia dende a celebración da anterior sesión ordinaria o Concello Pleno dase por enterado.

A continuación o Sr Rodríguez Doval pide a palabra para manifestar que non figura na orde do día o punto das mocións e propostas, é un problema técnico e roga que non volte a pasar.

Resposta o Sr Alcalde resposta que subsanarase a deficiencia.

Na súa virtude o Sr Rodríguez Doval, presenta pola vía de urxencia a **seguinte Moción**

#### **MOCIÓN DO GRUPO MUNICIPAL DO BNG AO PLENO DO CONCELLO DE ARES**


Ao fío dunha sentenza que atinxe á situación do persoal da inspección educativa de Ferrol - que fai referencia exclusivamente a unha cuestión de relacións laborais - e como resultado de que desde a Consellería de Educación non se teñan adoptado medidas alternativas, todo fai prever que nos vindeiros días desapareza o servizo de inspección educativa que abrangía ata agora as comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal.

Este servizo - que contaba desde o ano 83 con tres inspectores e un mestre en comisión de servizos e que no ano 85 fora ampliado a catro inspectores diarios e dous administrativos - ten un área de influencia desde Mañón ata Ares afectando a un total de 110 centros públicos, 24.646 alumnos e alumnas e 2356 mestres. Estamos a falar, xa que logo, dun servizo de vital importancia para o funcionamento da administración educativa nas comarcas anteditas e, lóxicamente no caso de confirmarse a medida prevista, dun evidente retroceso nos xá de por sí escasos servizos dos que dispomos nestas tres comarcas.

Neste sentido, entendemos urxente a adopción de medidas tendentes a evitar que se chegue a confirmar esta medida; pulando polo mantemento e mesmo a necesaria mellora dos servizos; polo que o Grupo Municipal do BNG no concello de Ares propón ao Pleno da Corporación a adopción dos seguintes

#### ACORDOS

1º Demandar da Consellería de Educación a adopción de medidas necesarias que eviten o desmantelamento do servizo de inspección educativa que viña funcionando nas comarcas de Ferrol, Eume e Ortegal; garantindo o mantemento e a mellora do mesmo.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



2º Remitir copia deste acordo á Consellería de Educación, Delegado Provincial da Consellería e Portavoces dos grupos no Parlamento Galego; ao obxecto de que no seu respectivo ámbito de actuación adopten as medidas necesarias para evitar o desmantelamento do servizo.

Concedida a palabra ao Sr Manuel Cendán e dí que os colle de sorpresa e pide que se convoquen as Comisións Informativas e conseguintemente se debata esta Moción.

A continuación, o Sr Luís Cendán expón que a día de hoxe non dispón de datos para pronunciarse, en todo caso temos un representante do colexio e debería ter información. En todo caso isto paréceme oportunismo político. Estima que debe ser a Xunta de Galicia quen trate este tema. En consecuencia voume abster.

Finalmente intervén o Sr Alcalde exponiendo que non nos consta que vaia a acontecer o exposto en todo caso a día de hoxe non pudimos facer xestións.

Estima que debe votarse a ausencia previamente.

Sometida a votación a ratificación da urxencia da moción presentada polo BNG a mesma obtén 2 votos a favor do BNG, 5 en contra (PSdeG-PSOE) e 6 abstencións (5 PP, 1 NAL), sendo en consecuencia rexeitada a ratificación da urxencia da Moción.

O Sr Manuel Cendán pide que a Moción pase a Comisión Informativa e o Sr Alcalde sinala que irá a Comisión Informativa e procederemos a facer as xestións pertinentes.

### **Punto núm. 12.- ROGOS E PREGUNTAS.-**

Aberto o turno de rogos e preguntas comeza o Sr Manuel Cendán facendo o rogo de que se creen as Comisións Informativas e que se inste á Consellería a acometer as obras dos caminos rurais, pois van con retraso, e se nos vai botar enriba o inverno.

O Sr Rodríguez Doval, matiza que as obras xa empezaron: hai que vir informados.

Dirixíndose ao Sr Alcalde o Sr Rodríguez Doval explica que repasaron as Resolucións de Alcaldía e deben ser obxecto de revisión, pois houbo certas presas. En relación á Moción presentada, dí que era oportuna pero non oportunista. A Moción tñíamo-la preparada e o Pleno estaba convocado dende o Luns, non pretendemos coller despistados a ninguén.

Tamén sinala o Sr Rodríguez Doval que o Concello homenaxeou á xente do mundo da Cultura e o Deporte e lamenta tanto a forma como a convocatoria deste homenaxe e máis sobre a elección daquelas persoas que destacaron pois deberían ter sido obxecto de consenso por parte de todos e máis tendo un obxectivo de recoñecemento público da sociedade civil. O acto de onte non tivo ese arrote e considera que debe terse un criterio que non había, e ademáis o día de onte non era propicio pois había casos como Fene ou Ferrol, que celebraban o día da Patria Galega e insiste que non recibimos ningunha invitación para este acto.

Insiste en que o BNG tiña descoñecemento deste acto e él persoalmente tiña amizade con moitos interesados e o BNG non asistiu porque non foi invitado. Roga que asimesmo se conte cos profesionistas do Concello e as Sociedades, etc para estes actos.

Resposta o Sr Vilasánchez Pazos expoñendo que por propia seguridade de todos, tódalas licencias de obras van ir acompañadas dos Informes Técnicos e Xurídicos. A miña idea é que pasen todas por Comisión Informativa. Non quero ver cousas ocultas.



## CONCELLO DE ARES (A CORUÑA)

Praza da Constitución, s/n - D.P. 15624 - Tef. 981 468 102 - Fax 981 448 299 - RELGA MU-2000/36 CIF. P-1500400 - E



A continuación o Sr Manuel Cendán insiste que as licencias se daban en base aos informes dos Técnicos, e recorda que quedaron pendentes os PNCs 8 e 14 por falla de avais bancarios.

A continuación o Sr Alcalde informa de que hai tres obras con expte de reposición da legalidade urbanística e vai haber unha cuarta instada pola Dirección Xeral de Urbanismo.

Recalca o Sr Manuel Cendán, que incluso as licencias concedidas por resolución tiñan informes técnicos.

En relación ao acto do 25 de xullo, o Alcalde expón que foi un acto demandado pola sociedade civil e o cal viña sendo demandado e a tal efecto organizouse previa publicación o 19-07-06 mediante Bandos. Entende que retrasalo sería desnaturaliza-lo evento, e o Bando foi publicado no Diario de Ferrol, dándose a coñecer a tódolos veciños e non fixemos invitacións singulares. Esta gala do deporte vaise seguir celebrando, e recorda que cando foi a actuación de Roncarela, á cal non se lle deu publicidade, vostede (dirixíndose ao Sr Doval) sí asistíu.

A continuación o Sr Rodríguez Doval expón que non ten ánimo de polemizar e insiste en que non estivo nese recital, aínda cando tiveron coñecemento polos carteis.

En cambio sí estiveron en Marful. Eu por ser concelleiro non teño privilexios, pero sí teño dereito como membro da Corporación a ser informado e insisto en que a Gala do Deporte foi mal organizada.

Deberían vostedes ter dialogado sobre as persoas a incluír, etc. E se pode avisar de moitas formas. Píde senso común, él houbera dado unha data alternativa e houbera contribuído a que en vez de 50 persoas asistiran 500. Insiste en que é un aviso que fai como grupo político e insiste novamente en que non estaba no acto que dí o Alcalde.

Resposta o Sr Alcalde, en que eu o víñ. O Alcalde estaba alí e me doe que nos critique en algo que foi bon como a Gala do Deporte, vostede só toca os temas de xeito superfluo e eu non fago nichos sen cemiterios. Vostede é inamovible como o son eu. E agora esto é un debate de vostede e meu, o cal o podemos ter afora.

O Sr Rodríguez Doval manifesta que ten testigos de que non foi a ese concerto. Eu non estaba en Roncarela. Xa falaremos onde se teña que falar.

Resposta o Sr Alcalde que vostede fai unha crítica destructiva.

Intervén o Sr Luís Cendán, que deixando a un lado a insensibilidade do Sr Rodríguez Doval, manifesta en relación coa intención de levar os cochecitos a Granxares, que non é o sitio idóneo.

Finalmente intervén o Sr Alcalde expoñendo que as Comisións de Festas buscaron os lugares idóneos, xa que o Porto e o Campo de Fútbol estaban en obras e a Policía Local indicou unhas parcelas e nese intre se barallou esa posibilidade que xa foi descartada inicialmente, pois ían ir a Avda do Gral Gabeiras e no novo Plan Xeral haberá que buscar unha gran parcela para estacionamento nas festas.

E non tendo máis asuntos para tratar e sendo as 14 horas e nove minutos polo Sr. Alcalde-Presidente levantase a sesión de todo o cal eu como Secretario dou fe.

O ALCALDE

O SECRETARIO,